

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE NECESIDADE E IDONEIDADE

**CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS
FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE
AMES E BRIÓN, INSERAMES-BRIÓN 2023-2024, (7 lotes) (TR332A 2023/67)**

O/A asinante desta memoria declara expresamente que non se atopa en ningunha situación susceptible de xerar conflito de intereses en relación co contrato ao que se fai referencia nesta memoria e que informará sen dilación ao órgano de contratación de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; son coñecedor/a de que un conflito de intereses pode plantexarse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidese chegar a comprometer a miña imparcialidade no procedemento de contratación en cuestión.

C.I.F.: P - 1500200 - I

PODER ADXUDICADOR:			
ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE Concello de Ames	Órgano de Contratación: Xunta de Goberno Local	Número de Expediente	3651/2024
		Tipo de Procedemento	ABERTO SIMPLIFICADO
		Publicidade:	SI
		Tipo de Contrato:	SERVIZOS
		Tramitación:	ORDINARIA
		Suxeito a Regulación Harmonizada	NO
		Recurso Especial en Materia de Contratación	NO
OBXECTO DO CONTRATO: DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN, INSERAMES-BRIÓN 2023-2024			
CÓDIGO CPV: 80530000-8, Servizos de formación profesional			
DURACIÓN INICIAL CONTRATO: SEIS MESES, rematando a todos os efectos o 12 de novembro de 2024			PRORROGAS: NON CABEN
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 2411.22799			
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN		IVA (21%)	TOTAL ORZAMENTO LICITACIÓN:
46.641,23 euros		658,36 euros	47.299,60 euros
VALOR ESTIMADO DEL CONTRATO (duración inicial)			46.641,23 euros

En base ao disposto nos artigos 28 e 116.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo LCSP), deben xustificarse adecuadamente no expediente, entre outras circunstancias, a elección do procedemento de licitación, os criterios de solvencia técnica ou profesional, e economía e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo, o valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais si existisen, a necesidade da Administración a que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional e a decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.

Para ese efecto, a abaixo asinante en base ao informe previo emitido pola técnico de Orientación Laboral (Maria Lloves Castro) e, en relación co expediente descrito no cadro superior, informa:

1.- Antecedentes

Con data 14 de novembro de 2023 a directora xeral de Formación e Colocación asinou a resolución de concesión de axuda de 219.610,00 € ao Concello de Ames para o desenvolvemento do Programa Integrado de Emprego dos concellos de Ames Brión 2023-2024, ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 14 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2023.

O programa desenvólvese no ámbito territorial dos concellos de Ames e Brión e está dirixido a 100 participantes de ambos concellos (45 mulleres, 20 persoas menores de 30 anos con baixa cualificación, 20 persoas menores de 30 anos cualificadas e 15 persoas maiores de 45 anos).

O programa, conforme se recolle na resolución de concesión iniciouse o pasado 13 de novembro de 2023 e ten como **data de finalización o 12 de novembro de 2024**.

O proceso de selección das 100 persoas participantes rematou o 12 de xaneiro de 2024, iniciándose entón o proceso de catalogación de perfís profesionais e consecuentemente o deseño das demandas formativas para favorecer a inserción socio-laboral dos participantes.

Simultaneamente a este proceso de catalogación iníciáanse os trámites necesarios que permiten levar a cabo a licitación das distintas accións formativas.

As subvencións reguladas na Orde terán por obxecto o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego, desenvolvendo de forma obrigatoria (artigo 1.2. Orde...), entre outras, as seguintes accións.

b) Formación:

b.1) Accións formativas constituídas por calquera das especialidades formativas incluídas no Catálogo de especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal

b.2) Outra formación non vinculada a certificados de profesionalidade non incluída no punto anterior

c) Técnicas de coaching, intelixencia emocional e técnicas de motivación para a busca de emprego, tanto por conta propia como allea;

d) Habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevistas;

h) Prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia, preferentemente, co contidos teórico práctico das accións formativas;

Ademais, co obxectivo de levar a cabo a xestión dos participantes e das actividades que se realicen no Programa Integrado, establécese a conveniencia de dispor de sistemas adecuados de seguimento das persoas demandantes e o deseño dos itinerarios de inserción laboral en función do perfil, a través dunha *aplicación informática* onde consten todas as actuacións que se fagan coas persoas usuarias ao longo do programa que tamén será obxecto de licitación.

2.- Fundamentos xurídicos

Este servizo licítase ao amparo do artigo 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), que establece que *“para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, as entidades locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos públicos, obrigarse, interpoñer os recursos establecidos e exercer as accións previstas nas leis”*.

Trátase dun **contrato administrativo de servizos** de conformidade co establecido no artigo 17 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP): *“Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario”*, en concordancia co artigo 25.1 LCSP, que establece que *“1. Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que se celebren por unha Administración Pública:*

a) *Os contratos de obra, concesión de obra, concesión servizos, subministración e servizos. (...)*

2. *Os contratos administrativos rexeranse, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción, por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. (...).*

O presente contrato **non está suxeito a regulación harmonizada** dado que o seu importe non supera os 221.000 euros establecidos na LCSP no seu artigo 22.1.b) para este tipo de contratos.

De igual maneira **non esta suxeito a recurso especial en materia de contratación** ao ser o seu valor estimado inferior aos 100.000 euros (art 44.1.a) LCSP)

3.- Obxecto do contrato

É obxecto do contrato a contratación da impartición das accións formativas e da aplicación de xestión e seguimento das mesmas e de participantes pertencentes ao proxecto “Programa Integrado de Emprego Ames Brión 2023-2024”, ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 14 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TR332A), que se detallan nos lotes que se definen neste documento.

4.- Características do contrato

As accións formativas e a plataforma de xestión e seguimento, pertencentes ao proxecto “Programa Integrado de Emprego Ames Brión 2023-2024”, estruturanse en **SETE LOTES**:

A prestación do servizo de impartición da formación nos distintos sectores desenvolverase pola empresa adxudicataria con arranxo ao previsto no Prego de Prescricións Técnicas e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

As prescricións técnicas serán as que rexerán as distintas accións formativas, dependendo do tipo de acción de que se trate. As mesmas terán a consideración de mínimas podendo ser ofertados polos licitadores de forma adicional melloras con arranxo aos criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

Denominación dos Lotes:

Lote 1.- Actividades de ocio e tempo libre.

Accións formativas:

- Monitorado de actividades de tempo libre
- Monitorado de comedor e transporte escolar
- Monitorado de educación ambiental e organización de rutas

- Técnicas básicas de primeiros auxilios (AFDP021PO) - 2 edic
- Dinamizador eventos infantís
- Ocio inclusivo (SSCB013PO)
- Manipulador de alimentos (FCOM01)

Lote 2.- Actividades de comercio e de loxística.

Accións formativas:

- Operacións básicas de caixa (COMT012PO)
- Atención ao cliente e calidade do servizo (COMM002PO)
- Merchandising e venda nas seccións de produtos frescos en supermercados (COMT030PO)
- Xestión e control de compras e stock en almacén. (COML011PO)
- Organización del almacén (COML019PO)
- Loxística de flotas e sistemas telemáticos. (COML009PO)
- Crea a túa tenda on-line con Prestashop (ADGD055PO)

Lote 3.- Servizos de Limpeza e Turismo.

Accións formativas:

- Formación básica para limpeza xerais
- Recepción e atención ao cliente en establecementos de aloxamento (HOTA005PO)

Lote 4.- Informática e comunicacións.

Accións formativas:

- Iniciación á informática e en competencias dixitais básicas (FCOI03)
- Office: Word, Excel, Access y Power Point (ADGG052PO)
- Confección de Páxinas Web Con Joomla (IFCD090PO)

Lote 5.- Manexo de maquinaria.

Accións formativas:

- Condución de carretillas elevadoras (UNE 58451 ou equivalente)

Lote 6.- Plataformas de seguimento e xestión de participantes

- Plataforma de seguimento e xestión de participantes do Programa Integrado.

Lote 7.- Plataformas de teleformación e catálogo de accións formativas on-line

- Plataforma de teleformación e catálogo de accións formativas on-line.

5.- Insuficiencia de medios personais e materiais

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cando sexa necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Posto que o Concello non dispón dos medios necesarios nin o persoal cualificado nin habilitado para impartir a docencia necesaria para a execución destas actividades, resulta imprescindible recorrer á contratación externa dos correspondentes servizos.

6.- Xustificación do tipo de procedemento.

Este procedemento levarase a cabo mediante **procedemento aberto simplificado** ao amparo dos artigos 159 da LCSP, dado que o seu valor estimado non supera o importe de 221.000 euros.

Nos procedementos abertos simplificados todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, sempre e cando figure inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no seu caso, ter solicitado a súa inscrición con carácter previo á data final de presentación de ofertas, debendo acreditar dita circunstancia.

7.- Urgencia na tramitación

Neste expediente non cabe a tramitación por vía de urgencia segundo os criterios establecidos no artigo 119 da LCSP.

8.- Prazo de duración e prorrogas

De maneira estimada establecece unha duración de contrato de **SEIS MESES, rematando a todos os efectos o 12 de novembro de 2024**

Neste expediente non cabe a posibilidade de formalizar prórrogas.

A duración do contrato dependerá da duración de cada actividade formativa, en todo caso será a que se estableza en cada un dos contratos, rematando a todos os efectos o 12 de novembro de 2024 tal e como se recolle na resolución de concesión do Programa Integrado de Emprego Ames Brion 2023-2024.

9.- Criterios de adxudicación

A selección do contratista para a execución do contrato de prestación do servizo de referencia, realizarase mediante procedemento aberto simplificado.

Xustificación dos criterios de adxudicación a todos os lotes

Os criterios de adxudicación seleccionados perseguen identificar a mellor relación calidade-prezo nos servizos solicitados, valorando por tanto, ademais da proposta económica, criterios obxectivos e subxectivos que maximicen a calidade, eleven as garantías da excelencia na prestación e aporten un maior valor engadido aos servizos prestados.

Optouse por establecer criterios suxeitos a xuízo de valor, tendo en conta a relevancia que ten para o obxecto do contrato as propostas formuladas polos licitadores, polo que resulta necesario que estes poidan aportar información sobre a organización do traballo, deseño das aulas, propostas de actividades, itinerarios, guías didácticas, estrutura e módulos de contidos, plan de actividades, prácticas, planificación, avaliacións, etc das actividades formativas.

Nos criterios valorables mediante xuízo de valor preténdese determinar a mellor solución técnica proposta, así como a mellor comprensión do licitador ao alcance dos servizos solicitados dentro do contrato, tendo en especial consideración a prestación dun servizo de calidade, valorando para iso aqueles aspectos directamente vinculados ao obxecto do contrato e que determinan a calidade e valor técnico dos servizos propostos polo licitador.

Para isto establecece un criterio, no que se valora a proposta técnica no seu conxunto, desglosado en varios apartados claramente diferenciados, pero intimamente relacionados, o que facilita a realización dunha valoración técnica con un nivel óptimo de obxectividade.

Nos criterios valorables mediante a aplicación de fórmulas preténdese valorar a mellor oferta en canto as condicións económicas e en canto ás prestacións obxectivas que se corresponden dunha forma ou outra co importe do contrato.

O criterio da proposta económica establececeuse para obter unha maior ou mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos, sendo o predominante na valoración das ofertas.

En canto á experiencia do equipo profesional, en concreto a titulación e a experiencia mínima dos perfiles asociados son acordos co grado de especialización do obxecto da presente contratación, e ven xustificadas pola relevancia do obxecto do servizo a prestar, dado que a especificidade temática do contido dos traballos a efectuar en cada lote, e tendo en conta a falta de medios no concello para acometer tales tarefas, requirese un alto grado de coñecemento e experiencia por parte da empresa contratista, que lles permita actuar dende o primeiro momento cunha autonomía e solvencia profesional que garante a consecución dos obxectivos.

a) Criterios de adjudicación comúns para os seguintes lotes, máximo 95 puntos:

- Lote 1.- Actividades de ocio e tempo libre.
- Lote 2.- Actividades de comercio e de loxística.
- Lote 3.- Servizos de Limpeza e Turismo.
- Lote 4.- Informática e comunicacións
- Lote 5.- Manexo de maquinaria.

CRITERIOS COMÚNS AOS LOTES 1, 2, 3, 4 e 5			
A) CRITERIOS CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDE DUN XUÍZO DE VALOR			35 puntos
MEMORIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO			
Proposta axustada aos datos subministrados no Prego de prescricións técnicas. Claridade e orde adecuado na exposición da información. Fundamentación teórico-técnica do proxecto e coherencia na súa formulación. Ausencia de incoherencias, distorsións ou erros			Ata 20 puntos
Coherencia entre os obxectivos xerais subministrados e os obxectivos específicos, operativos e as accións/actividades propostas. Calidade e pertinencia da proposta organizativa e a metodoloxía. Carácter innovador da proposta.			Ata 10 puntos
Valoración do sistema de avaliación e control da Calidade. Plan de coordinación co departamento responsable do programa			Ata 5 puntos
B) CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA			60 puntos
B.1) OFERTA ECONÓMICA, máximo 45 puntos. Outorgarase 45 puntos ao licitador que formule a mellor oferta económica, e ao resto puntuarase de maneira proporcional.			45 puntos
B.2) EXPERIENCIA DO PERSOAL DOCENTE ADSCRITO AO CONTRATO NA IMPARTICIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS EN PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA A PARTIR DA MÍNIMA ESIXIDA (1 acción formativa), máximo 5 puntos.			5 puntos
De 2 a 5 accións formativas		1 puntos	
De 6 a 10 accións formativas		3 puntos	
De 11 a 15 accións formativas		5 puntos	
Non se puntuarán fraccións intermedias.			
B.3) MELLORAS PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO, máximo 10 puntos			10 puntos
a) Impartición dunha “Master Class” ou sesión formativa relacionada coa correspondente acción formativa e que supoñan un valor engadido á aprendizaxe do alumnado, a cargo dunha persoa especialista na materia, diferente do docente..... Máx. 5 ptos.			
A duración da “master class” será de un mínimo de 2 horas e dun máximo de 5 horas.			
Non se puntuarán fraccións intermedias.			
Unha “Master Class” ou sesión de 2h		1 puntos	
Unha “Master Class” ou sesión de 4h		3 puntos	
Unha “Master Class” ou sesión de 5h		5 puntos	
Deberá indicar a maiores:			
Nome da acción	Obxectivo	Persoa/Docente que a impartirá	Nº de horas da sesión
b) Visitas didácticas.....Máx. 5 ptos.			
- Outorgarase un máximo de 2,5 puntos por cada visita, e excursión realizada durante o desenvolvemento da acción formativa, sempre que estean relacionadas coa correspondente acción formativa e que supoñan un valor engadido á aprendizaxe práctica do alumnado.			

A memoria de prestación do servizo para cada un dos lotes terá unha extensión máxima de 20 páxinas (Anexo I) na que non se computarán o índice e a portada. Quedarán excluídas aquelas empresas que superen as 20 páxinas.

b) Criterios de adxudicación para o Lote 6.- Plataformas de seguimento e xestión de participantes do Plan Integrado, máximo 64 puntos.

CRITERIOS	
A) CRITERIOS CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDE DUN XUÍZO DE VALOR	16 puntos
MEMORIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO	
Proposta axustada aos datos subministrados no Prego de prescricións técnicas. Claridade e orde adecuado na exposición da información. Fundamentación teórico-técnica do proxecto e coherencia na súa formulación. Ausencia de incoherencias, distorsións ou erros	Ata 8 puntos
Calidade e pertinencia da proposta organizativa e a metodoloxía	Ata 3 puntos
Valorarase o carácter innovador nas funcionalidades ofrecidas pola plataforma e/ou enlaces a outras aplicacións	Ata 3 puntos
Valoración do sistema de avaliación e control da Calidade. Plan de coordinación co departamento responsable do programa	Ata 2 puntos
B) CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA	48 puntos
B.1) OFERTA ECONÓMICA, máximo 48 puntos. Outorgarase 45 puntos ao licitador que formule a mellor oferta económica, e ao resto puntuarase de maneira proporcional.	48 puntos

A memoria de prestación do servizo terá unha extensión máxima de 20 páxinas (Anexo II) na que non se computarán o índice e a portada. Quedarán excluídas aquelas empresas que superen as 20 páxinas.

c) Criterios de adxudicación para o Lote 7.- Plataforma de teleformación e catálogo de accións formativas on-line, maximo 71 puntos

CRITERIOS							
A) CRITERIOS CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDE DUN XUÍZO DE VALOR	16 puntos						
MEMORIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO							
Proposta axustada aos datos subministrados no Prego de prescricións técnicas. Claridade e orde adecuado na exposición da información. Fundamentación teórico-técnica do proxecto e coherencia na súa formulación. Ausencia de incoherencias, distorsións ou erros	Ata 8 puntos						
Calidade e pertinencia da proposta organizativa e a metodoloxía	Ata 3 puntos						
Valorarase o carácter innovador nas funcionalidades ofrecidas pola plataforma e/ou enlaces a outras aplicacións	Ata 3 puntos						
Valoración do sistema de avaliación e control da Calidade. Plan de coordinación co departamento responsable do programa	Ata 2 puntos						
B) CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA	55 puntos						
B.1) OFERTA ECONÓMICA, máximo 45 puntos. Outorgarase 45 puntos ao licitador que formule a mellor oferta económica, e ao resto puntuarase de maneira proporcional.	45 puntos						
B.2) CATÁLOGO DE ACCIÓNS FORMATIVAS, máximo 10 puntos. A plataforma deberá contar co número mínimo de Familias Profesionais e accións formativas por familia que se especifica no Punto 6 do Prego de Prescricións Técnicas, valorándose a inclusión de familias e/ou accións formativas adicionais segundo o criterio seguinte:	10 puntos						
<table border="1"> <tbody> <tr> <td>Por cada acción formativa adicional, a maiores das establecidas con carácter obrigatorio (mínima 5 accións formativas por familia)</td> <td>outorgarase 0,5 puntos por cada acción formativa.</td> </tr> <tr> <td>Por cada familia profesional adicional das especificadas no Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais (CNCP) do INCUAL</td> <td>outorgarase 2 puntos por cada familia profesional adicional (mínima 5 accións por familia adicional).</td> </tr> <tr> <td>Por cada acción formativa adicional sobre o mínimo exigido (cinco accións) de estas familias profesionais adicionais</td> <td>outorgarase 0,25 puntos por cada acción formativa.</td> </tr> </tbody> </table>	Por cada acción formativa adicional, a maiores das establecidas con carácter obrigatorio (mínima 5 accións formativas por familia)	outorgarase 0,5 puntos por cada acción formativa.	Por cada familia profesional adicional das especificadas no Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais (CNCP) do INCUAL	outorgarase 2 puntos por cada familia profesional adicional (mínima 5 accións por familia adicional).	Por cada acción formativa adicional sobre o mínimo exigido (cinco accións) de estas familias profesionais adicionais	outorgarase 0,25 puntos por cada acción formativa.	
Por cada acción formativa adicional, a maiores das establecidas con carácter obrigatorio (mínima 5 accións formativas por familia)	outorgarase 0,5 puntos por cada acción formativa.						
Por cada familia profesional adicional das especificadas no Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais (CNCP) do INCUAL	outorgarase 2 puntos por cada familia profesional adicional (mínima 5 accións por familia adicional).						
Por cada acción formativa adicional sobre o mínimo exigido (cinco accións) de estas familias profesionais adicionais	outorgarase 0,25 puntos por cada acción formativa.						

A memoria de prestación do servizo para cada un dos lotes terá unha extensión máxima de 20 páxinas (Anexo II) na que non se computarán o índice e a portada. Quedarán excluídas aquelas empresas que superen as 20 páxinas.

10.- Modificación do contrato

Dadas as características deste contrato non procede efectuar modificacións de contrato.

11.- División en lotes

A natureza e o obxecto do contrato permite claramente levar a cabo a licitación por lotes, cumprindo así co establecido no artigo 99.3 da LCSP.

O contrato dividirase nos seguintes lotes:

Lote 1.- Actividades de ocio e tempo libre.

Lote 2.- Actividades de comercio e de loxística.

Lote 3.- Servizos de Limpeza e Turismo.

Lote 4.- Informática e comunicacións.

Lote 5.- Manexo de maquinaria.

Lote 6.- Plataforma de seguimento e xestión de participantes do Programa Integrado.

Lote 7.- Plataforma teleformación e catálogo de accións formativas on-line.

LOTE	ACCIÓN FORMATIVA	N.º DE HORAS FORMACIÓN	N.º DE HORAS PRÁCTICAS NON LABORAIS
1.- Actividades de ocio e tempo libre	MONITOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE	200	150
	MONITOR DE COMEDOR E TRANSPORTE ESCOLAR	60	25
	TÉCNICAS BÁSICAS DE PRIMEIROS AUXILIOS AFDP021PO- 2 edic	20	
	MONITOR ESPAZOS OCIO INFANTIL	10	
	OCIO INCLUSIVO (SSCB013PO)	35	
	MANIPULADOR DE ALIMENTOS (FCOM01)	10	
	MONITOR DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E ORGANIZACIÓN DE RUTAS	50	
2.- Actividades de comercio e de loxística	OPERACIÓN BÁSICAS DE CAIXA (COMT012PO)	15	60
	ATENCIÓN AO CLIENTE E CALIDADE DO SERVIZO (COMM002PO)	25	
	MERCHANDISING E VENDA NAS SECCIÓNS DE PRODUCTOS FRESCOS EN SUPERMERCADOS (COMT030PO)	16	
	XESTIÓN E CONTROL DE COMPRAS E STOCK EN ALMACÉN. (COML011PO)	30	60
	ORGANIZACIÓN DO ALMACÉN (COML019PO)	30	
	LOXÍSTICA DE FLOTAS E SISTEMAS TELEMÁTICOS (COML009PO)	40	
	CREA A TÚA TENDA ON-LINE CON PRESTASHOP (ADGD055PO)	20	
3.- Servizos de limpeza e turismo	FORMACIÓN BÁSICA PARA LIMPEZAS XERAIS	60	60
	RECEPCIÓN E ATENCIÓN AO CLIENTE EN ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO (HOTA005PO)	65	60
4.- Informativa e comunicacions	INICIACIÓN Á INFORMÁTICA E EN COMPETENCIAS XERAIS BÁSICAS (FCOI13)	40	
	OFFICE: WORD, EXCEL, ACCESS Y POWER POINT (ADGG052PO)	60	
	CONFECCIÓN DE PÁXINAS WEB CON JOOMLA (IFCD090PO)	25	
5.- Manexo de maquinaria	CONDUCIÓN DE CARRETILLAS ELEVADORAS	20	
6	PLATAFORMA DE SEGUIMENTO E XESTION DE PARTICIPANTES DO PROGRAMA INTEGRADO		
7	PLATAFORMA TELEFORMACIÓN E CATALOGO DE ACCIÓN FORMAIVAS ON-LINE		

12.- Estudio de custes

Estímanse os custes do contrato en aplicación do establecido para os topes máximos subvencionables para a contratación de medios externos para a formación, no artigo (Art. 1.2.b) da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 14 de junio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2023, e *no apartado 5.1 da Instrucción que regula a execución do Programas Integrados para as anualidades 2023/2024* e os prezos medios de mercado de acordo con aqueles derivados das ofertas para accións formativas de idéntica ou similar natureza executadas en anteriores edicións dos Programas Integrados para o Emprego dos concellos de Ames e Brión.

Estudo de custos dos lotes 1, 2, 3, 4

LOTE	NOME DA ACCIÓN FORMATIVA	GASTOS DIRECTOS		Gastos indirectos 10%	TOTAL GASTOS	Gastos xerais (6%)	Beneficio empresarial (6%)	TOTAL
		Gastos salariais	Outros gastos directos (20%)					
1.- Actividades de ocio e tempo libre	MONITOR DE ACTIVIDADES DE TIEMPO LIBRE	7.441,98 €	1.488,40 €	744,20 €	9.674,57 €	580,47 €	580,47 €	10.835,52 €
	MONITOR DE COMEDOR E TRANSPORTE ESCOLAR	1.903,42 €	380,68 €	190,34 €	2.474,44 €	148,47 €	148,47 €	2.771,37 €
	MONITOR DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E ORGANIZACIÓN DE RUTAS	1.179,11 €	235,82 €	117,91 €	1.532,85 €	91,97 €	91,97 €	1.716,79 €
	TECNICAS BÁSICAS DE PRIMEIROS AUXILIOS (AFDP021PO)	910,50 €	182,10 €	91,05 €	1.183,65 €	71,02 €	71,02 €	1.325,69 €
	MONITOR ESPAZOS OCIO INFANTIL	235,82 €	47,16 €	23,58 €	306,57 €	18,39 €	18,39 €	343,36 €
	OCIO INCLUSIVO (SSCB013PO)	825,38 €	165,08 €	82,54 €	1.072,99 €	64,38 €	64,38 €	1.201,75 €
	MANIPULADOR DE ALIMENTOS (FCOM01)	235,82 €	47,16 €	23,58 €	306,57 €	18,39 €	18,39 €	343,36 €
TOTAL								18.537,84 €

LOTE	NOME DA ACCIÓN FORMATIVA	GASTOS DIRECTOS		Gastos indirectos (10%)	TOTAL GASTOS	Gastos xerais (6%)	Beneficio empresarial (6%)	TOTAL
		Gastos salariais	Outros gastos directos (20%)					
2.- Actividades de comercio e de loxística	OPERACIONES BÁSICAS DE CAIXA (COMT012PO)	744,39 €	148,88 €	74,44 €	967,71 €	58,06 €	58,06 €	1.083,83 €
	ATENCIÓN AO CLIENTE E CALIDADE DO SERVIZO (COMM002PO)	980,34 €	196,07 €	98,03 €	1.274,44 €	76,47 €	76,47 €	1.427,38 €
	MERCHANDISING E VENDA NAS SECCIÓNS DE PRODUCTOS FRESCOS EN SUPERMERCADOS (COMT030PO)	768,10 €	153,62 €	76,81 €	998,53 €	59,91 €	59,91 €	1.118,35 €
	XESTIÓN E CONTROL DE COMPRAS E STOCK EN ALMACÉN (COML011PO)	1.293,64 €	258,73 €	129,36 €	1.681,74 €	100,90 €	100,90 €	1.883,55 €
	ORGANIZACIÓN DEL ALMACEN (COML019PO)	1.293,64 €	258,73 €	129,36 €	1.681,74 €	100,90 €	100,90 €	1.883,55 €
	LOXÍSTICA DE FLOTAS E SISTEMAS TELEMÁTICOS (COML009PO)	943,29 €	188,66 €	94,33 €	1.226,28 €	73,58 €	73,58 €	1.373,43 €
	CREA A TUA TENDA ON-LINE CON PRESTASHOP (ADGD055PO)	438,86 €	87,77 €	43,89 €	570,51 €	34,23 €	34,23 €	638,98 €
TOTAL								9.409,06 €

LOTE	NOME DA ACCIÓN FORMATIVA	GASTOS DIRECTOS		Gastos indirectos	TOTAL GASTOS	Gastos xerais (15%)	Beneficio empresarial (6%)	TOTAL
